



GACETA

Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria



SOLICITUDE DE INGRESO NA AGAMFEC



Datos persoais

N.I.F. ou Pasaporte: *campo obrigatorio Data de nacemento:

Nome: *campo obrigatorio

Apelidos: *campo obrigatorio

Enderezo postal: *campo obrigatorio

Cidade: *campo obrigatorio

Código Postal: *campo obrigatorio Provincia: *campo obrigatorio

País:

Teléfono Domicilio: Teléfono Móbil: Fax:

E-mail: *campo obrigatorio

Datos profesionais

Centro de traballo: *campo obrigatorio

Cargo: *campo obrigatorio

Teléfono Traballo: *campo obrigatorio

Poboación: *campo obrigatorio Provincia: *campo obrigatorio

Ano Licenciatura: *campo obrigatorio

Médico Residente: Si: Ano de Residencia: ^o *campo obrigatorio

 Non: Titulación: *campo obrigatorio

Os datos recollidos, conforme ao previsto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, no presente contrato serán incluídos nun ficheiro automatizado cuxo responsable é a AGAMFEC con CIF nº G15136245. A finalidade desta recollida de datos é a xestión das actividades e tarefas de xestión propias da asociación. Así mesmo, o titular dos datos autoriza expresamente a ceder os seus datos identificativos a Congrega, S.L., coa finalidade de xestionar o envío de información das súas actividades e a súa correcta asistencia aos eventos que sexan organizados pola AGAMFEC. En calquera caso, poderá exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose a AGAMFEC, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, 13, 1º esq, CP 15004 da Coruña, achegando fotocopia do DNI e indicando na comunicación "Acceso dereitos LOPD"; ou ben, e con carácter previo a tal actuación, solicitar cos mesmos sinais que lle sexan remitidos os impresos que o responsable do ficheiro dispón para tal efecto.

A cota de inscrición é de 15 € trimestrais (25 € semestrais os MIR de Familia, sendo gratis para os MIR-1). Actualízase segundo o IPC a partir do 01/01/2010. Para iso necesítamola túa autorización para a domiciliación do recibo. Cubra este documento e envío vía fax ou correo o enderezo abaixo indicado.

Instrucións para domiciliación do recibo no banco:

Pídlolles que con cargo á miña conta/libreta número (20 díxitos):

Entidade	Oficina	D.C.	Conta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Banco ou Caixa: Sucursal:

Poboación: C.P.: Provincia:

atendan ata novo aviso os recibos que sexan presentados pola Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

O titular D./Dona:

En _____, a _____ de _____ do ano 20 ____.

Sinatura.

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

Presidente

Jaime González Rey

Vicepresidentes

Jesús Sueiro Justel
Gabriel J Díaz Grávalos

Secretaría

M^a Victoria Martín Miguel

Tesoureiro

Andrés Manuel Martínez González

Vogal de Docencia

Peregrina Eiroa Patiño

Vogal de Grupos de Traballo

Francisco Javier Maestro Saavedra

Vogal de Investigación

M^a Victoria Martín Miguel

Vogal WEB

Gerardo Palmeiro Fernández

Vogal de Medicina Rural

Portal González Lorenzo

Vogal de Médicos Xóvenes

Ángel Piñeiro López
Gabriel Romero de Ávila Cabezón

Vogais de Residentes

Fátima Barcala del Caño

Vocal PAPPS

Vanessa García-Ciudad Young

Vocal PACAP

Diego Terceiro López

Vocal de Docencia y Formación

Fernando Souto Mata

Vocal de Relaciones semFYC

Andrés Manuel Martínez González

SECRETARÍA TÉCNICA DA AGAMFEC

Rosalía de Castro, 13 - 1º Esq.
15004. A Coruña
Teléfono: 981 216 416
Fax: 981 217 542
e-mail: agamfec@congrega.es

GRUPOS DE TRABALLO DA AGAMFEC

1 GRUPO DE ALCOHOLISMO

Responsable: Jacinto Mosquera Nogueira

2 GRUPO DE ATENCIÓN Á MULLER

Vanessa García-Ciudad Young

3 GRUPO DE CIRURXÍA MENOR E VENDAXES FUNCIONAIS

Responsable: Javier Maestro Saavedra

4 GRUPO DE COIDADOS PALIATIVOS

Responsable: David Vaquerizo García

5 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAUDE

Responsable: Jesús Novo Rodríguez

6 GRUPO DE DIABETE

Responsable: Javier García Soidán

7 GRUPO DE DISLIPEMIAS

Responsable: Alberto J. Del Álamo Alonso

8 GRUPO DE HIPERTENSIÓN ARTERIAL

Responsable: Concepción González Paradela

9 GRUPO DE PATOLOXÍA OSTEOARTICULAR E INFILTRACIÓNS

Responsable: María Jesús Freiría Tato

10 GRUPO DE ENFERMIDADES RESPIRATORIAS

Responsable: César Rodríguez Estévez

11 GRUPO DE ENFERMIDADES CARDIOVASCULARES

Responsable: Luis Fransi Galiana

12 GRUPO DA ABORDAXE O TABAQUISMO

Responsable: Xulio Castañal Canto

13 GRUPO DE URXENCIAS

Responsable: Fernando Souto Mata

14 GRUPO DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Responsable: Rosana Izquierdo Fernández

15 GRUPO DE BIOÉTICA

Responsable: Pilar Vázquez Pumaríño

16 GRUPO DE ENFERMIDADES NEFROROLÓXICAS

Responsable: Mónica Diosdado Figueiredo

17 GRUPO DE RESPONSABILIDADE PROFESIONAL

Responsable: Vital Diéguez Pereira

18 GRUPO DE ENFERMIDADES INFECCIOSAS

Responsable: Marina Cid Sueiro

19 GRUPO DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Responsable: José Luis Delgado Martín

20 GRUPO DE DERMATOLOXÍA

Responsable: Fátima Barcala del Caño

21 GRUPO DA DOR

Responsable: Gabriel Calvo Mosquera

22 GRUPO DE ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN

Responsable: M^a José López-Villalta Lozano

23 GRUPO DE SAUDE MENTAL

Responsable: M^a José Veleiro Tenreiro

24 GRUPO DE SEGURIDADE DO PACIENTE

Responsable: M^a Dolores Martín Rodríguez

26 GRUPO DE COMUNICACIÓN E SAUDE

Responsable: José Luis Delgado Martín

27 GRUPO DE MEDICINA RURAL

Responsable: M^a. Portal González Lorenzo

¿QUE É A AGAMFEC?

A agamFEC é unha asociación médica científica e profesional, sen ánimo de lucro, que vela polo adecuado desenvolvemento da Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia. É algo máis ca unha axencia prestadora de servizos ou que unha asociación defensora de intereses corporativos.

A agamFEC busca sumar esforzos e ilusións. Pretende reunir e representar a todo o colectivo médico de Atención Primaria e servir de canle para asumir a corresponsabilidade no proceso de mellora e modernización da nosa sanidade.

A agamFEC quere xogar un papel fundamental no desenvolvemento da Medicina de Familia e Comunitaria e da Atención Primaria en Galicia, aglutinando aos especialistas en MFC e demais profesionais de Atención Primaria do noso país, e asumindo a súa defensa e representación.

A agamFEC está dirixida por unha Xunta Directiva renovable cada dous anos. Artículase en Seccións (Docencia, Investigación, PA-PPS, Prensa e Relacións coa semFYC) e Grupos de Traballo, coa pretensión de canalizar a máxima participación dos seus asociados.

A agamFEC está integrada na estrutura federal da semFYC, sociedade que agrupa ás 17 sociedades autonómicas do estado, constituindo a sociedade científica médica de maior actividade e implantación, chegando na actualidade a reunir a 15.000 profesionais de todo o estado español.

¿Cales son os fins da agamFEC?

- Promocionar e fomentar o progreso da medicina de familia e comunitaria, e da Atención Primaria, divulgando e impulsando coñecementos da especialidade e os seus principios.
- Representar os intereses dos seus membros no marco das leis e ante os organismos das Administracións Públicas Sanitarias e docentes e outros órganos ou entidades nacionais e internacionais públicos ou privados.
- Servir de órgano informativo respecto das funcións e fins da especialidade, e realizar cantas tarefas se lle encomenden, colaborando con entidades públicas ou particulares mediante elaboración de estudos, informes ou propostas.
- Procurar a harmonía dos especialistas e asociados, organizar actividades de carácter profesional, de investigación, formativo, cultural ou asistencial co fin de acadar os obxectivos anteriores en colaboración coas administracións públicas, centros de saúde, hospitais, Colexios de Médicos, Facultades de Medicina e demais sociedades científicas.
- Fomentar e procurar a participación de todos os asociados nas distintas actividades e tarefas da Asociación, a fin de conseguir mellor cumprimento destes obxectivos.

¿Que ofrece a agamFEC aos seus asociados?

A mellora profesional a través das distintas actividades é o maior beneficio que o socio pode conseguir da agamFEC.

Esto pode lograrse a través de:

- Actividades de formación continuada nas que o socio participa (congresos, debates, cursos...) tanto en calidade de asistente como de ponente.
- Fomentando a investigación, potenciada a través dos congresos anuais da agamFEC, a través de apoio metodolóxico, convocatorias de becas...
- Favorecendo a participación e o intercambio de experiencias entre os socios por medio dos Grupos de Traballo e outros foros que se constitúan.
- Proporcionando material científico e publicacións elaboradas e editadas pola agamFEC e a semFYC.

Actualmente os socios da agamFEC reciben de xeito gratuito nos seus domicilios as seguintes publicacións periódicas:

- Cadernos de Atención Primaria
- Atención Primaria
- Os socios da agamFEC reciben tamén os Documentos semFYC, así como información das actividades que a Asociación realiza e outras informacións de interés para os médicos de familia.
- Outro beneficio que o socio pode obter son os descontos para asistencia ás actividades que a Asociación organiza: congresos, cursos, xornadas de residentes, talleres...
- A pertenza á agamFEC ofrece a posibilidade de participar nos grupos de traballo e de participar nas distintas actividades que a Asociación poña en marcha. Tamén pode o socio participar na Asamblea Anual que se organiza xeralmente coincidindo co Congreso autonómico, así como participar na elección dos membros da Xunta Directiva.

¿Quen pode asociarse á agamFEC?

Poden ser socios da agamFEC todos os médicos que traballen ou estean relacionados coa Atención Primaria de Saúde e que realicen o seu traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, sexan ou non especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, e que estean dacordo cos obxectivos que a Asociación persigue.

Para ser socio da semFYC hai que selo necesariamente a través de algunha sociedade autonómica federada. Todos os asociados da agamFEC son, polo tanto, tamén socios da semFYC.

Os membros da Asociación teñen os seguintes dereitos:

- Ostentar a calidade de membro e asistir ás sesións que a Asamblea Xeral celebre.
- Participar nas actividades e actos da Asociación.
- Ser candidato nas eleccións para órganos da Asociación.
- Ser informado das actividades e planos da Asociación.

A cota de asociado é de 15 euros ao trimestre.

Os residentes da especialidade de Medicina de Familia e Comunitaria poden ser socios da AGAMFEC de maneira gratuita durante o primeiro ano de MIR.

Para contribuir á mellora da Atención Primaria en Galicia:

¡Asóciate a AGAMFEC!

ACTIVIDADES DA AGAMFEC

REUNIÓN CIENTÍFICA “PAIN PROPOSAL”

O 20 de setembro, AGAMFEC participou na reunión científica “Pain Proposal” celebrada en Santiago de Compostela, na sede do FEGAS. A iniciativa “Pain Proposal” conta co aval da Federación Europea da Asociación Internacional do Estudo da Dor (EFIC) e a Federación Europea de Asociacións Neurolóxicas (EFNA).

I FORO GALEGO DE ATENCIÓN PRIMARIA

O día 15 de outubro, en Santiago de Compostela, e xunto ás outras sociedades de atención primaria, AGAMFEC participa neste foro dedicado ao paciente crónico. Nel realizáranse tres talleres sobre manexo da EPOC, insuficiencia cardíaca, hipertensión e diábetes.

I CURSO DE ONCOLOXÍA MÉDICA PARA ATENCIÓN PRIMARIA

Os próximos días 26 e 27 de outubro celebrarase na Coruña o I Curso de Oncoloxía Médica para Atención Primaria. Trátanse temas de interese para o médico de familia, como o diagnóstico precoz e as vías rápidas de derivación, os cuidados paliativos oncolóxicos ou a relación entre Atención Primaria e Atención Hospitalaria. O curso ten o aval científico de AGAMFEC, a Sociedade Oncolóxica de Galicia e a Sociedade Española de Oncoloxía Médica. Máis información na web www.agamfec.com.

SEMANA DE ACTUALIZACIÓN EN ENFERMIDADE CARDIOVASCULAR

En Pontevedra, entre os días 24 e 27 de outubro, e impartida integramente por membros do Grupo de Traballo de Enfermidades Cardiovasculares de AGAMFEC, celebrarase a Semana de Actualización en Enfermidade Cardiovascular. A actividade está organizada polo la Fundación Colexio Médico de Pontevedra.

XORNADAS DE ACTUALIZACIÓN SEMFYC – NOVARTIS

En Santiago de Compostela, os días 3 e 4 de novembro, terán lugar as Xornadas de Actualización semFYC – Novartis. Organizado por AGAMFEC, semFYC e o Instituto de Formación Novartis, presenta o formato habitual, con 16 talleres sobre diversos temas nesta edición, 4 encontros co experto e unha mesa de actualización, que nesta ocasión está dedicada á EPOC. Os grupos de traballo de AGAMFEC participarán activamente no seu desenvolvemento. Máis información en www.agamfec.com.

XVI XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA

O 25 e 26 de novembro celebrarase en Lugo as XVI Xornadas de Medicina Familiar e Comunitaria. Durante a Asemblea que terá lugar a tarde do venres 25 procederase á renovación da Xunta Directiva da Asociación, polo que vos animamos a estar presentes

e participar. O Programa das Xornadas pode consultarse na páxina web da Asociación.

PROTOCOLO SOBRE HIPERPLASIA BENIGNA DE PRÓSTATA

AGAMFEC segue participando no proxecto de protocolo para o manexo da hiperplasia de próstata, estando xa seleccionados os relatores do taller teórico e de ecografía. O proxecto xa foi presentado á Subdirección de Docencia e Formación con moi boa acollida.

XXXII CONGRESO NACIONAL semFYC

AGAMFEC participa a través da Vogalía de Investigación no Comité Científico do XXXII Congreso Nacional de semFYC que se celebrará en Bilbao en xuño de 2012.

IV CURSO DE SOPORTE VITAL AVANZADO CARDIOLÓXICO POLO PLAN ESVAP DA AGAMFEC

Realizado os días 29 e 30 de setembro no Hospital Naval de Ferrol con éxito de participación. Encóntranse en estudo novas edicións noutras localidades.

GUÍA DE SEDENTARISMO: DETECCIÓN E RECOMENDACIÓNS DE ACTIVIDADE FÍSICA

Proximamente, o Grupo de Traballo de Actividade Física e Saúde de AGAMFEC colaborará na publicación, a través das plataformas do SERGAS, da Guía de Sedentarismo: detección e recomendacións de actividade física.

REVISIÓN DOS PROTOCOLOS DE LUMBALXIA, NEUMONÍA E HIPERTENSIÓN ARTERIAL

AGAMFEC participou na revisión dos protocolos de lumbalxia, neumonía e hipertensión arterial remitidos desde a Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria.

2ª EDICIÓN DO DOSSIER DE GRUPOS DE TRABALLO DE AGAMFEC

Encóntrase lista para a súa publicación a 2ª edición do Dossier de Grupos de Traballo de AGAMFEC. Esta publicación constitúe unha ferramenta fundamental para a difusión da actividade dos grupos de traballo, un dos principais activos da Asociación.

2ª EDICIÓN DO MANUAL ABCDE DE URXENCIAS

A AGAMFEC concedeu o seu aval científico á publicación da segunda edición do Manual ABCDE de Urxencias.

BORRADOR DE CARRERA PROFESIONAL

AGAMFEC continúa a súa colaboración co SERGAS para desenvolvemento do borrador de carreira profesional. Actualmente colaborouse con Applica Asociados para a elaboración de propostas.

I ENCUESTA AGAMFEC DIRIXIDA AOS SEUS ASOCIADOS

Canta máis información teña a Xunta das necesidades dos asociados, máis fácil será dirixir os esforzos da Sociedade na dirección adecuada. Por elo, e coa finalidade de coñecer as inquietudes e opinións dos asociados, a Xunta Directiva da Sociedade elaborou unha enquisa, que estará en breve dispoñible na páxina web, e que vos animamos a cumprimentar.

MODIFICACIÓNS NA XUNTA DIRECTIVA DE AGAMFEC

Nos últimos meses producíronse modificacións na Xunta Directiva da Asociación, basicamente polo cambio de situación profesional dalgúns integrantes da mesma. Así, hai cambios na Vogalía de Médicos Xoves, de Residentes e PAPPS. Poden consultarse os cambios na páxina web e al principio desta mesma Gaceta.

I curso de oncología médica para atención primaria

26 y 27 de octubre 2011
La Coruña

Organiza: Servicio de oncología



Colabora

www.galiciacancer.com

Sede:

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA



novacaixagalicia

Con el aval científico de:



SOC

Sociedad Oncológica de Galicia

SEOM
Sociedad Española
de Oncología Médica

Secretaría técnica:

Congrega

Rosalía de Castro, 13 1º izda. 15004 A Coruña teléfono 981.216.416. secretaria@congrega.es www.congrega.es

Inscripción Gratuita
Aforo limitado. Orden de Inscripción

www.agamfec.com



www.agamfec.com

actualizada para ofrecerche
mellor servizo e máis información